

BIBLIOTECA DO CEIP CALVO SOTELO O CARBALLIÑO

A Biblioteca do centro está **situada** nunha casa independente á que se accede dende o patio do colexio. Consta das seguintes estancias:



- Sala de préstamo, que conta cun recuncho informático.
- Sala de consulta.
- Corredor, que conta cun recuncho musical e un espazo onde se exponen as novidades.
- Aseo.
- Almacén.

En todo momento coidamos que a **ambientación** dos locais sexa atractiva para o alumnado: ilustracións, móbiles, mascotas, bonecos, carteis,... e tamén exposicións dos traballos dos alumn@s.

Os **fondos documentais** están situados en andeis, de xeito que nos máis baixos se atopan os libros de educación infantil e primeiro ciclo de primaria. Todos os libros da aula de préstamo están etiquetados e informatizados na web: www.opacmeiga.rbgalicia.org, para facilitar o seu rexistro e búsqueda. Neste momento seguimos traballando na informatización total dos fondos documentais. Contamos cun volume importante de exemplares.

Da súa **xestión** encárganos un grupo de dez mestras, que atenden as necesidades de tres edificios. Contan coa colaboración de alumnado do 3º ciclo.

Os **servizos** que se ofertan son:

- Lectura e préstamo.
- Utilización de material de consulta.
- Utilización de ordenador para a realización de consultas e traballos.
- Conexión a internet.
- Fomento da lectura: publicacións, experiencias, creacións propias e dinamización.

Pretendemos que a Biblioteca sexa un lugar acolledor para contactar coa fantasía, as ilusións e o coñecemento, ... , medrar e facer que flúan as capacidades que seguro hai dentro de todos nós.